PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 14 de novembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 14 de novembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Pablo Javier Prieto Perille
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de María Montserrat Prado Cores)
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Propoñentes:
Julio Ernesto Abalde Alonso
Rosana Pérez Fernández
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, a secretaria abandona o seu posto na Mesa para ocupar un escano co seu grupo parlamentario e éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 10718 (12/PNC-001008)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que teña en conta na tramitación da futura Lei de familias as achegas realizadas polo Goberno galego respecto do concepto de familia numerosa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024

A **señora Arias Rodríguez, Raquel (P),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, e, dado que o voceiro do G.P. Mixto declina intervir, fai uso da palabra en primeiro lugar a **señora Longueira Castro, Silvia (S**), que expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e destaca a actuación do Goberno central no tema obxecto de debate.

Nesta mesma rolda a **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** amósase crítica co obxecto da iniciativa e non concorda co que nela se demanda.

Na rolda de puntualizacións a **señora Amigo Díaz (P),** non coincide coas anteriores voceiras e incide na importancia da devandita proposición non de lei.

1.2 11757 (12/PNC-001115)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego relativas á dixitalización dos quirófanos e dos consentimentos informados dos pacientes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14485), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención da señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para posicionarse a favor do texto resolutivo que se propón.

A seguir toma a palabra a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** xustifica o apoio do seu grupo parlamentario a esta iniciativa de impulso ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, comenta as argumentacións dos demais grupos parlamentarios e motiva a aceptación da emenda de adición presentada.

1.3 12215 (12/PNC-001163)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que proceda á creación inmediata de cadanseu servizo de rehabilitación cardíaca nas áreas sanitarias da Coruña e Cee e de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f1, do 09.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 14477), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** quen expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

-Auséntase da sala a presidenta e pasa a ocupar o seu posto a vicepresidenta-.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** quen pasa a defender a emenda do seu grupo que agarda sexa tida en

PARLAMENTO DE GALICIA

conta.

-Incorpórase a señora presidenta ao seu posto na Mesa da Comisión-.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** e a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG).** Ambos intervinientes xustifican o voto a favor desta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** logo de agradecer o apoio amosado polos grupos da oposición, xustifica a non aceptación da emenda presentada polo G.P. Popular de Galicia.

1.4 13029 (12/PNC-001230)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que garanta unha xestión pública e directa no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carme (S),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para sinalar que se vai abster na votación do texto resolutivo que se propón.

A seguir intervén a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG)**, para manifestar que concorda co que se demanda nesta iniciativa de impulso, polo que adianta o apoio do seu grupo.

Nesta mesma rolda a **señora Arias Rodríguez, Raquel (P),** explica as razóns polas que o seu grupo non vai apoiar esta proposta, destacando as actuacións do Goberno galego no tema obxecto de debate.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S**), expón diferentes consideracións sobre o posicionamento manifestado pola voceira do G.P. Popular de Galicia, insiste na defensa da súa proposta e agradece o apoio amosado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.5 13463 (12/PNC-001285)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para atender as necesidades de persoal sanitario e non sanitario dos centros de saúde de Ribeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 14478), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** pasa a defender a emenda do seu grupo que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, e dado que o voceiro do G.P. Mixto declina intervir, toma a palabra o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** para xustificar o voto a favor desta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** logo de agradecer o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, motiva a non aceptación da emenda presentada polo G.P. Popular de Galicia.

A señora Pérez Fernández, Rosana é interrompida pola señora Hermelo Piñeiro, María Dolores, polo que a presidenta pídelles a todos que respecten o turno de palabra.

1.6 13591 (12/PNC-001306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da recuperación urxente da atención pediátrica nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 14476), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces.

PARLAMENTO DE GALICIA

Deseguido concédelle a palabra á **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** pasa a defender a emenda do seu grupo que agarda sexa tida en conta.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios non emendantes, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** e a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** para posicionarse a favor desta iniciativa de impulso ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** comenta as anteriores intervencións e motiva a non aceptación da emenda presentada polo G.P. Popular de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 10718 (12/PNC-001008), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **aprobado sen modificacións** por.

Votos a favor: ..... 9 (G.P.P.)
Votos en contra: ..... 2 (G.P.S.)
Abstencións: ..... 6 (G.P.BNG.)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España ante o importante atraso que sofre a tramitación da Lei de familias polas sucesivas prórrogas para a presentación de emendas co fin de que se teñan en conta as achegas feitas pola Xunta de Galicia en relación ao concepto de familia numerosas e non bote por terra todo do traballo e o consenso social acadado neste eido ao longo dos anos.»

1.2 11757 (12/PNC-001115), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal coa engádega derivada da emenda de adición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas, con modificacións respecto do texto orixinal.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Finalizar o proceso de dixitalización dos quirófanos nas sete áreas sanitarias do

PARLAMENTO DE GALICIA

Servizo Galego de Saúde.
2. Abordar unha dixitalización homoxénea dos consentimentos informados dos pacientes en todo o Servizo Galego de Saúde, co fin de facilitar a accesibilidade e información, garantindo en todo momento a oferta positiva en galego e a plena dispoñibilidade de toda a información na nosa lingua.»

1.3 12215 (12/PNC-001163), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor: ..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P.)
Abstencións: 0

1.4 13029 (12/PNC-001230), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor: ..... 7 (GG.PP.BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P.)
Abstencións: ..... 1 (G.P.M.)

1.5 13463 (12/PNC-001285), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor: ..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P.)
Abstencións: 0

1.6 13591 (12/PNC-001306), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor: ..... 8 (GG.PP.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P.)
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece o ton dos debates, a atención prestada polos Servizos da Cámara e levanta sesión.

Remata a sesión ás 13:45 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:10:03 +01'00'

V. º pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.02.03 13:35:28 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión